



XUNTA DE GALICIA



Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,







XUNTA DE GALICIA



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia está a desenvolver o modelo xeral de desenvolvemento de Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia, como marco das iniciativas de modernización das administracións públicas en todas as súas áreas. Neste marco son de resaltar as iniciativas de Administración electrónica que supoñan o establecemento dun novo modelo de relación entre a Administración, a cidadanía e as empresas, e que dean resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e en xeral á normativa de desenvolvemento xeral ou sectorial de Administración electrónica.

Segundo.- Que para o desenvolvemento e consolidación da Administración electrónica as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos que cómpre seguir para levala a cabo, co fin de que o nivel de servizo chegue por igual a todos os cidadáns.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia, dentro da súa planificación estratéxica en materia de modernización e innovación tecnolóxica, ven despregando programas e proxectos tendentes a fomentar a cohesión, cooperación e colaboración intra e interadministrativa en tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como a interoperabilidade entre as Administracións galegas.

Deste xeito, a configuración dunha administración común tecnolóxica, sobre a base dun marco galego propio de interoperabilidade, a aplicación do principio de neutralidade tecnolóxica, así como a implementación de estándares abertos e, en xeral, en fomento da administración electrónica. A Xunta de Galicia, no seu Plan Estratéxico 2015-2020 prioriza as actuacións de apoio ás entidades locais para acadar un nivel homoxéneo de prestación de servizos públicos dixitais.

Cuarto.- Que as Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, Entidades Locais), están a acometer importantes investimentos co obxectivo común de lles garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos.

Quinto.- Que para a implantación dunha auténtica Administración electrónica é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso á Administración electrónica, tanto dos funcionarios públicos como dos

galicia





XUNTA DE GALICIA



cidadáns e das empresas. E neste modelo tamén é preciso posibilitar a interacción coa Administración Xeral do Estado.

Sexto.- Que entre as competencias que, no referente ás relacións cas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

Sétimo.- Que o 15 de febreiro de 1996, no marco do plan de Reforma e Modernización da Administración impulsado dende a Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia e Administración Pública e a Fegamp asinaron un convenio de colaboración –denominado Portelo único-, co obxectivo de poñer en marcha un programa para instalar nos concellos galegos a infraestrutura informática e telemática suficiente para o funcionamento dunha oficina de información, o servizo de rexistro, o acceso ao Rexistro Xeral de Contratistas da comunidade autónoma e outros servizos. Este convenio foi ampliado na súa dimensión, posteriormente para incluír o desenvolvemento dun portal que intensificara a comunicación e tramitación de servizos a través de internet entre as Entidades Locais e a Xunta de Galicia. Neste sentido e, dada a satisfacción por todas as partes nesta experiencia, procúrase darlle continuidade ao Portelo único no presente convenio.

Oitavo.- Que o día 28 de setembro de 2009 se formalizou un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a Fegamp para o desenvolvemento da eAdministración en Galicia, co obxectivo de realizar a planificación conxunta e coordinada de investimentos e actuacións, así como o intercambio de toda a información precisa que atinxe aos proxectos de Administración electrónica, que se centrarán en actuacións en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións necesarias para garantir o desenvolvemento e funcionamento desta, establecendo os mecanismos de interoperabilidade, seguridade e identidade dixital.

Noveno.- Que o día 13 de xullo do 2010 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 9 de xullo de 2018, e ao que agora se pretende dar continuidade a través dun novo convenio de colaboración.

Décimo.- Que a Xunta de Galicia desenvolveu infraestruturas, aplicacións e os servizos que poden compartirse coas Entidades Locais para aproveitar así os esforzos realizados para o continuo desenvolvemento da Administración electrónica daquelas.

Décimo primeira.- A Xunta de Galicia, asume tamén a coordinación coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento e posta a disposición das administracións públicas galegas de servizos e sistemas promovidas ou xestionadas pola propia Administración Xeral do Estado. Así, nos últimos anos, formalizou diferentes convenios para o impulso da Administración

galicia





XUNTA DE GALICIA



electrónica, considerando a posibilidade de adhesión para as Entidades Locais, en concreto o día 31 de outubro de 2013, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, a utilización de sistemas de firma electrónica avanzada e as comunicacións entre administracións públicas por medios electrónicos.

Décimo segunda.- Que lle corresponden á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conforme ao disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, lle corresponden, entre outras, as atribucións relativas á xestión do portal de Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Décimo terceira.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega, como axencia pública autonómica, ten por obxectivos básicos a definición, desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico e exercerá, entre outras, as competencias relativas ao impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outros órganos do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica no ámbito da Xunta de Galicia; a promoción e regulación da implantación da Administración electrónica no ámbito da Xunta de Galicia, da súa relación coa cidadanía, e noutras organización de ámbito local e provincial en coordinación coas administracións provinciais e locais correspondentes así como a interlocución e regulación de acordos con outras administración ou órganos en relación co emprego dos sistemas de información corporativos da Xunta de Galicia ou a interconexión con estes.

Décimo cuarta.- Que é interese da Fegamp colaborar coa Xunta de Galicia no desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais coa finalidade de mellorar os servizos prestados ao cidadán e conforme á previsión do modelo de Administración única, en base ao modelo xeral de Administración electrónica que inspira o Goberno Galego.

Décimo quinta.- Dado o tempo transcorrido dende a sinatura do último convenio, e os avances acadados polas administracións implicadas no desenvolvemento da administración

galicia





XUNTA DE GALICIA



electrónica, faise necesario ampliar o seu ámbito de aplicación mediante a realización de novas actuacións para o que resulta precisa a sinatura do presente convenio.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o apoio ao desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Entidades Locais de Galicia para o impulso e desenvolvemento da Administración Electrónica coa finalidade de acadar un nivel homoxéneo de prestación de servizos públicos dixitais no territorio da Comunidade autónoma de Galicia e garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos mediante a implantación de procedementos, plataformas e redes de comunicación que posibiliten a súa interacción con calquera Administración pública.

Con esa finalidade, tamén é obxecto deste Convenio a determinación das condicións nas que a Xunta de Galicia facilitará o acceso das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas nel ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscripción do correspondente Acordo de adhesión, que garantizará, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas no presente Convenio.

Por conseguinte, este convenio establece ademais os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

galicia





XUNTA DE GALICIA



Segunda. Ámbito de aplicación material. Catálogo de servizos para o desenvolvemento da administración electrónica

As solucións tecnolóxicas de aplicación neste convenio recóllense no denominado “*Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica*”. Neste catálogo recóllense as solucións tecnolóxicas, funcionalidades e condicións das mesmas. O Anexo III, recolle o inventario delas dispoñibles no momento de sinatura do convenio.

As modificacións ao catálogo de servizos adicionais serán aprobadas no ámbito da comisión de seguimento do presente convenio. O uso de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel poderá estar suxeito a condicións particulares que serán concretadas no devandito convenio. Estas poderán referirse á obrigatoriedade de uso, custos e requirimentos previos.

O catálogo de servizos actualizado estará dispoñible no portal Eidolocal.gal, xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requisitos de uso de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel.

As Entidades Locais ubicadas no territorio da Comunidade Autónoma poderán acceder ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas anteriormente, ou ás que as actualicen ou substitúan, mediante Acordo de adhesión subscrito ao efecto pola Entidade Local. O Acordo de adhesión garantirá o acceso e dereito de uso das funcionalidades de todas ou algunhas das solucións anteriormente relacionadas, así como o cumprimento por parte das Entidades Locais das obrigas correspondentes.

Terceira. Adhesión ao convenio

As Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao presente convenio mediante os modelos que figuran como Anexo I e Anexo II, coa finalidade de garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración pública

Considerarase vixente a adhesión das entidades locais ao convenio precedente, a non ser que de xeito expreso manifeste o contrario segundo o disposto na cláusula décimo primeira. |

A adhesión a algúns dos servizos incluídos no presente convenio pode requirir da sinatura, por parte da Xunta de Galicia e da Entidade Local, dun acordo que regule as condicións específicas da súa prestación. Quedará indicado no catálogo os servizos que requirisen ese acordo. No acordo figurarán as obrigas e responsabilidades que asume as partes asinantes do mesmo.

A adhesión da entidade local ao presente convenio será previa ao inicio da prestación no seu respectivo ámbito territorial do servizo que constitúe o seu obxecto.

Cuarta.- Obrigas comúns

Para impulsar a Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime





XUNTA DE GALICIA



Xurídico do Sector Público e de lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométense formalmente a:

- Fomentar a implantación e desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.
- Promover a utilización, cesión, transferencia e compartición de plataformas dixitais, así como, en xeral, de sistemas, aplicacións ou software de titularidade pública sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.

Quinta.- Obrigas da Xunta de Galicia

Coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, a Xunta de Galicia porá a disposición das Entidades Locais adheridas ao presente convenio o seu Sistema de Rexistro, a través do que poderán asegurar a transmisión telemática dos asentos rexistrais e das entradas e saídas de documentación que os cidadáns dirixan á Xunta de Galicia ou a outras Administracións, en virtude do disposto na lei 39/2015, sobre a interconexión dos rexistros

Todas as actuacións sinaladas cumprirán os estándares de formato e requisitos de seguridade determinados nos esquemas nacionais de interoperabilidade e seguridade.

Con carácter xeral, a Xunta de Galicia comprométese a garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos incluídos no ámbito do convenio mediante:

- Posta a disposición das Entidades Locais de Galicia dos sistemas, solucións tecnolóxicas e infraestruturas previstas no “Catálogo de servizos” do convenio, conforme ás especificacións e condicións de uso que serán descritas na documentación específica de cada unha delas.
- Garantir a continuidade na prestación das solucións tecnolóxicas de administración electrónica incluídas no presente convenio, asegurando a escalabilidade, robustez, dispoñibilidade, integridade e confidencialidade e seguridade da información.
- Proporcionar ás entidades a documentación técnica necesaria para a posta en marcha e administración das solucións tecnolóxicas que se prestan no marco deste convenio, recollendo, cando sexa necesario, a información legal, administrativa e técnica precisa para a utilización das mesmos por parte das Entidades Locais de Galicia, así como calquera outra información que deba ser coñecida por estas para a prestación de servizos baseados nas solucións tecnolóxicas aportadas.
- Manter actualizado o “Catálogo de servizos” incluídos no presente convenio, que será publicado no Portal das Entidades Locais de Galicia, Eido Local, segundo se describe neste convenio.
- Asesorar ás Entidades Locais de Galicia no acceso e uso das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio e levar a cabo as actuacións de formación necesarias para garantir o seu correcto uso por parte das Entidades Locais de Galicia.
- A Administración da comunidade autónoma de Galicia potenciará o portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación

galicia





XUNTA DE GALICIA



permanente coas Entidades Locais de Galicia. Neste senso, o portal Eido local impulsará, nas relacións por medios electrónicos entre a Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais, o uso de sistemas de sinatura electrónica conformes á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, de xeito que poidan intercambiar documentos administrativos electrónicos para a tramitación dos procedementos administrativos.

Sexta.- Obrigas das Entidades Locais adheridas

Sen prexuízo das restantes obrigas que figuren nos correspondentes Acordos de adhesión, con carácter xeral, as Entidades Locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométese a:

- Facer un uso axeitado das solucións tecnolóxicas e dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presente segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes.
- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións incluídas no presente convenio, segundo se describen na documentación específica de cada unha delas.
- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa entidade, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións do presente convenio que desexen utilizar.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica e os servizos e solucións a utilizar.

Sétima. Soporte, formación e difusión

A Xunta de Galicia realizará as actividades de soporte ás Entidades Locais das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Do mesmo xeito, colaborará coas Entidades Locais na difusión cara ás propias entidades, cidadáns ou outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio. A formación do persoal dos asinantes do presente poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

Oitava.- Seguimento da execución do convenio

Para o debido seguimento do convenio, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, establece-se a existencia dunha comisión de seguimento, como unha das subcomisións no marco da Comisión de Dirección do Protocolo de colaboración do 28 de setembro de 2009, que estará integrada por:

- A persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que exercerá a Presidencia da Comisión, ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa

galicia





XUNTA DE GALICIA



na que delegue.

- A persoa titular da Secretaría Xeral da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou persoa na que delegue.
- Cinco representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario ou funcionaria designada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A comisión de seguimento reunirse a proposta dos membros da Comisión.

Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No funcionamento ordinario da comisión de seguimento promoverase o uso de medios dixitais para as actuacións de coordinación, seguimento e sinatura de acordos.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio
- A conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

Novena. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, se prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

Décima. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

galicia





XUNTA DE GALICIA



Décimo primeira. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de tres meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

Décimo segunda.- Financiamento

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á extensión da administración electrónica mediante o financiamento, con cargo aos seus propios orzamentos, respectivamente, da realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

A tal fin, dentro das condicións específicas de cada un das solucións tecnolóxicas incluídas no ámbito deste convenio, determinarase a contribución económica de cada unha das distintas administracións para garantir a súa mellor prestación aos cidadáns. Neste senso, as solucións tecnolóxicas incluídas no “catálogo de servizos” clasificaranse en:

- **a) Gratuítas:** solucións tecnolóxicas que poderán ser utilizadas polas Entidades Locais de Galicia para a extensión da administración electrónica e cuio custe será asumido pola Xunta de Galicia.
- **b) Cota fixa:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica e cuio custe será asumido pola Xunta de Galicia e a entidade local de que se trate na proporción que se determine no correspondente instrumento de adhesión.
- **c) Por uso:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica cuio custe será asumido pola Xunta de Galicia, correspondendo á entidade local de que se trate o custe correspondente ao incremento dos custes de mantemento derivados do uso que se faga do mesmo no seu ámbito territorial, e que se determinará no correspondente instrumento de adhesión.

Coa finalidade de facer efectiva a contribución prevista nas letras b) e c), a entidade local no posterior acordo concreto de prestación do servizo acordáranse os termos específicos.

Décimo terceira. Publicidade

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





XUNTA DE GALICIA



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo cuarta. Natureza do convenio e discrepancias.

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de
Galicia

Presidente da Federación
Galega de Municipios e
Provincias

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Dona M.^a del Mar Pereira
Álvarez

D. Alfredo L. García Rodríguez

galicia





XUNTA DE GALICIA



ANEXO I
PROTOCOLO DE ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Deputación Provincial),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Deputación Provincial) acordou, con data ___ de ___ de 201_ , solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)

galicia





XUNTA DE GALICIA



ANEXO II PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data ___ de ___ de 201_ , solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)

galicia





XUNTA DE GALICIA



ANEXO III

CATÁLOGO DE SERVICIOS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Neste anexo recóllese a título orientativo un inventario de contidos do “Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica”, no momento da sinatura do convenio. Ten polo tanto efectos orientativos, estando publicado en EidoLocal o catálogo actualizado, indicando as condicións de utilización das distintas solucións tecnolóxicas incluídas.

	Servizos Dixitais
Comunicacións	Conexión á Rede Corporativa da Xunta de Galicia
	Acceso á Rede SARA
Administración Electrónica	Sistema de rexistro E/S da Xunta de Galicia (AIRES - SIR)
	Servizos de interoperabilidade - Plataforma de Intermediación pasaXe!
	Servizos de acreditación dixital
	Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (https://notifica.gal)
Nodo de Contratación Pública de Galicia	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PcPG)
	Sistema de Licitación Electrónica (Silex)
	Sistema electrónico de Facturación (SEF)
Sistemas de apoio	Tradutor automático GAIO

Quedarán incluídos tamén neste catálogo as solucións tecnolóxicas e servizos identificados nos convenios asinados pola Xunta de Galicia con outras administracións, relativos a este ámbito de desenvolvemento da Administración Electrónica, en especial os incluídos no convenio asinado o 31 de outubro de 2013, co Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, o acceso ao sistema de interconexión de rexistros, ou a plataformas de intermediación. Nestes casos, deberán terse en consideración as condicións de adhesión establecido en cada un deles.

O “Catálogo de servizos” actualizado estará dispoñible no portal Eidolocal.gal, xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requisitos de uso de cada un deles. Ademais, publicaranse todas as novas relativas ás solucións tecnolóxicas e servizos en prestación, así como a información relativa aos novas solucións tecnolóxicas e servizos.





XUNTA DE GALICIA



ANEXO IV
MODELO DE CONFORMIDADE DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO Á ADHESIÓN DE ENTIDADE LOCAL

Don/Dona, na súa condición de Secretario/a da Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración en materia de Administración electrónica no ámbito da Comunidade Galega, suscrito en data __ de 2018 entre a Xunta de Galicia e a Fegamp

CERTIFICA

Que na reunión de data __ de ____ de 201__, da citada Comisión de Seguimento, acordouse dar conformidade á solicitude de adhesión formulada polo (Entidade Local).

O que certifico en __, a ____ de ____ de 201__.

(Firma)

galicia

